



NOTA INFORMATIVA

día  Comunícase a todos os interesados/as que dende o 1 ó 22 de xuño está aberto o prazo para formalizar a solicitude de praza para o curso 2020/2021 para todos os nenos e nenas que desexen solicitar por primeira vez unha praza na escola infantil “ Os pequerrechos”.

A tramitación desta solicitude de praza deberá realizarse preferentemente por vía telemática, a través da Sede Electrónica do Concello. Opcionalmente poderanse presentar as solicitudes presencialmente nas oficinas do concello solicitando cita previa no teléfono 988381034.

O modelo de solicitude para formalizar este trámite estará a disposición dos interesados/as na información da Escola Infantil da páxina web do concello (www.sancibrao.es) así como a relación da documentación complementaria que se deberá achegar xunto coa solicitude. 

En canto ao proceso de adxudicación de prazas de novo ingreso, estarase ao disposto nas indicacións realizadas polas distintas administracións a este respecto, publicándose as listaxes no taboleiro de novas da páxina web do Concello.

O que se fai saber para os efectos oportunos.

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

